

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**AXENCIA INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA**

RESOLUCIÓN do 18 de xaneiro de 2022 pola que se dá publicidade dos convenios de colaboración subscritos no terceiro cuadrimestre do ano 2021.

O artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG núm. 30, do 15 de febreiro), impón a cada consellería ou entidade da Xunta de Galicia a obriga de publicar no *Diario Oficial de Galicia* unha relación dos convenios de colaboración subscritos.

En consecuencia, e para dar cumprimento a esa obriga,

DISPOÑO:

Dar publicidade á relación dos convenios subscritos polo Instituto Enerxético de Galicia (Inega) nos meses de setembro a decembro do ano 2021, que se incorpora como anexo a esta resolución.

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2022

Paula Uría Traba
Directora do Instituto Enerxético de Galicia

ANEXO**Convenios subscritos pola Axencia Instituto Enerxético de Galicia (Inega) nos meses de setembro, outubro, novembro e decembro**

Convenio	Data de sinatura	Achega da Axencia
Convenio entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Axencia Instituto Enerxético de Galicia (Inega) para o desenvolvemento de proxectos de enerxías renovables, cofinanciado con fondos Feder no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020	8.9.2021	3.323.119,84 €
Convenio de colaboración entre a Axencia Instituto Enerxético de Galicia (Inega) e a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade para a instalación de refuxios nas paradas das liñas dos servizos de transporte interurbano de viaxeiros por estrada de Galicia	8.9.2021	500.000,00 €
Convenio entre a Consellería do Medio Rural e a Axencia Instituto Enerxético de Galicia (Inega) para o desenvolvemento de proxectos de enerxías renovables, cofinanciado con fondos Feder no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020	17.9.2021	300.000,00 €



Convenio	Data de sinatura	Achega da Axencia
Convenio entre a Axencia Instituto Enerxético de Galicia (Inega) e a Universidade de Santiago de Compostela para a prestación de asesoramento en materia de acumulación enerxética	17.9.2021	30.000,00 €
Convenio de colaboración entre a Axencia Instituto Enerxético de Galicia (Inega) e a Fundación Semana Verde de Galicia para a celebración da terceira edición da Feira de Enerxía	27.10.2021	80.000,00 €
Convenio entre a Axencia Instituto Enerxético de Galicia (Inega) e o Consorcio Turismo Ribeira Sacra para a elaboración do proxecto fluvial-eléctrico na Ribeira Sacra para concorrer ao Programa MOVES proxectos singulares II e a adquisición dun vehículo híbrido enchufable	24.11.2021	41.616,00 €

